

CIENCIAS NATURAIS T.5: “A MATERIA E OS SEUS CAMBIOS”

A falta da avaliación, que quedou pendente, do T.4, imos a adiantar traballo e comezar co seguinte tema: “**A MATERIA E OS SEUS CAMBIOS**”

- Lembrade por o título do tema nunha nova páxina como facemos sempre.
- Organizade o voso tempo, o meu consello é que sigades o horario do cole e traballedes cada día as materias que toquen.
- Non estamos nun período de vacacións!

TAREFAS:

- 1. lectura páxina 84/85**
 - video no blog: “A materia e os seus cambios” (O 1º)
 - exercicios 1, 2 e 3
- 2. lectura páxinas 86/87**
 - exercicios 1, 2 e 3
 - microproxecto 1
- 3. lectura páxinas 88/89**
 - video blog: “Los misterios de la vida” (O 2º)
 - exercicios 1, 2 e 3
- 4. lectura páxinas 90/91**
 - video no blog: “Tipos de energía” (O 3ª)
 - exercicios 1, 2 e 3
- 5. lectura páxina 92**
 - esquema
- 6. lectura páxina 93**
 - exercicio 1
 - microproxecto 2
- 7. lectura páxinas 94**
 - microproxecto 3
- 8. lectura páxina 95**
 - exercicio 1
- 9. lectura páxinas 96/97**
 - exercicio 1
- 10. páxinas 102**
 - **esquema**

CIENCIAS NATURAIS T.5: “A MATERIA E OS SEUS CAMBIOS”

MICROPROXECTO 1

Ao longo da historia utilizáronse moitas aliaxes. Tratade de buscar os nomes dalgunhas delas, e dicide de que metais ou substancias están formadas, que vantaxes teñen e para que se utilizan. Algúns exemplos de aliaxes son: – O bronce, composto por estaño e cobre; é resistente, duro e tenaz; usouse en armas, campás, esculturas, gonzos de portas... – O aceiro inoxidable, composto por ferro e pequenas cantidades de carbono e cromo; é duro; resistente; non se oxida; emprégase en construción, pero tamén en escultura, ferramenta, enxoval de cociña e decoración. – A alpaca, composta por cinc, cobre e níquel; ten un brillo parecido ao da prata; utilizouse para fabricar xogos de servizos de mesa ... – O latón, unha mestura de cobre e cinc; é duro, brillante, pode formar fíos ou láminas e oxídase con dificultade; emprégase para fabricar fechos, billas, bixutería, arames...

MICROPROXECTO 2

Trata de nomear materiais que conduzan ben a calor, e materiais illantes da calor. Da mesma forma, trata de localizar materiais que conduzan mal o son, ou que nos illen deles. Hai algunha relación entre uns e outros?

MICROPROXECTO 3

Analizar distintas fontes luminosas que o ser humano utilizou ao longo da historia para procurarse luz en situacións de escuridade, desde os fachos ás modernas lámpadas led, e situalas aproximadamente nunha liña do tempo.

MICROPROXECTO 4

Buscar información sobre bioluminiscencia animal: os vagalumes, moitos peixes abisais, certos moluscos, bacterias, vermes...

******OS MICROPROXECTOS CORRESPONDEN AO PROXECTO XERAL DO TEMA**** Coas mesmas directrices de sempre: pdf, limpeza, orde, ,,,**